

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para a colaboración e compartir o coñecemento no marco do proxecto "AUGATECH", o cal está suxeito á obtención de financiación da Línea de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

1 Antecedentes

O 23 de xuño de 2023, publicouse no BOE/BOE a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación destinada a fomentar o desenvolvemento e adquisición de produtos ou servizos innovadores, co fin de:

- a. Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
- b. Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;
- c. Reforzar a comercialización da innovación empregando ao cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
- d. Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PEME.

Posteriormente, o 21 de febreiro de 2024, publicouse a Convocatoria asociada correspondente ao exercicio 2024 (Código BDNS: 744553).

Augas de Galicia ten intención de solicitar unha axuda para o desenvolvemento do Proxecto AugaTech, no marco da Orde de convocatoria citada anteriormente.

Entre os criterios de priorización das operacións que dispón a citada Orde de convocatoria, establécese a participación de axentes de I+D+i a través da firma de convenios de colaboración entre a Augas de Galicia, solicitante da axuda, e estes, para o desenvolvemento do Proxecto.

2 Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración das partes asinantes en todas aquelas actividades que promovan no desenvolvemento do coñecemento e as capacidades necesarias para o desempeño profesional relacionados co proxecto AugaTech, que poidan materializarse en proxectos e/o actividades relacionados coa docencia e investigación, así como calquera área que consideren de interese mutuo, sempre acordes ao respectivo obxecto social e finalidades institucionais.



No desenvolvemento deste convenio, as partes formalizarán convenios específicos en áreas preferentes de colaboración que consideren de interese nos ámbitos indicados anteriormente.

3 Necesidade da colaboración e razóns de oportunidade

AugaTech configúrase en dous retos:

- Reto 1: AqualA: Interacción cidadá en tempo real, solución que ten por obxecto permitir aproximar e poñer en valor cara a cidadanía e o sector produtivo a actividade de Augas de Galicia, a información que xestiona e os aspectos normativos vinculados co exercicio das súas competencias.
- Reto 2: AquaTwin 2.0, Solución que ten por obxecto xestionar de forma adecuada os diferentes usos e actividades con capacidade para producir afeccións sobre o medio acuático coa finalidade de asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos na DMA. Iso baixo un paradigma de xemelgo dixital que permita realizar simulacións e avaliar diferentes escenarios para un mellor exercicio de competencias clave.

A Universidade da Coruña conta cun Grupo de Investigación de Enxeñaría da auga e medio ambiente (GEAMA), cunha destacada traxectoria no diagnóstico, planificación e busca de solucións innovadoras e sostibles no ámbito dos sistemas de auga. Entre os seus eixes principais de investigación están os análises de presións e impactos en sistemas acuáticos e a xestión sostible da auga e en varias investigacións desenvolveron xemelgos dixitais.

Os medios técnicos do GEAMA, unido aos seus recursos humanos, con sobrada experiencia na materia relacionada co Reto 2 do Proxecto "AugaTech", convérteno no grupo de investigación coa capacidade e a competencia necesaria para dar seguimento e aportar valor engadido no desenvolvemento dun xemelgo dixital que permita realizar simulacións e avaliar diferentes escenarios para un mellor exercicio de competencias clave.

A FUAC é unha Fundación de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiación das actividades propias da Universidade da Coruña (UDC) e as súas relacións coa sociedade. A fundación ten encomendada por parte da UDC a xestión económica e administrativa de proxectos de investigación amparados no art. 60 de la Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e das Cátedras institucionais da UDC que inclúe entre outros a xestión, dos servizos de asesoramento, información e apoio a investigación, tramitando, os informes, estudos e investigacións que se realicen por profesores e departamentos da citada Universidade con entidades públicas ou privadas.



Así é de interese común para ambas as dúas partes realizar un seguimento científico-técnico conxunto dos avances do proxecto Aguatech que permita unha maior eficacia no desenvolvemento do propio proxecto, o fomento da produción científica no marco das tecnoloxías emerxentes que teñen previsto implementar, así como a divulgación científica e docencia entorno ao desenvolvemento e resultados do proxecto.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula no seu artigo 34 a posibilidade de que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poidan subscribir convenios administrativos entre eles ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4 Estimación de custos e financiamento

A firma deste convenio non implica a asunción de custos por parte de Augas de Galicia, sen prexuízo dos compromisos financeiros que, de ser o caso, poidan levar asociados os convenios específicos que posteriormente se formalicen.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López

